

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA DEZASEIS DE XANEIRO DE 2014, CON CARÁCTER ORDINARIO.****SRES. ASISTENTES:**

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
Dª. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
Dª. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día dezaseis de xaneiro de dous mil catorce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúñese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e seis de decembro do ano pasado, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares.

2.1.- Instancia núm. 201300000001698 de don Juan Manuel Castro Villaverde e dona María Begoña de la Torre Lobato.

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicitan licenza para obras de construcción de edificación auxiliar dedicada a dependencias de servizo de vivenda unifamiliar existente situada en Galegos (expediente núm.: 2013/U008/000024), en solo urbano residencial de baixa densidade (U-1) segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal, cunha ocupación máxima inferior ao 10% da parcela neta, núm.: plantas B Altura máxima de cornixa 2,65 m, segundo o proxecto presentado, redactado polo arquitecto, D. Antonio Sabucedo Costa e con un orzamento de 9.800,00 euros.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data de concesión da licenza.

2º.- Construirase de acordo co proxecto presentado e en cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona.



Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento noventa e seis (#196,00#) euros.

2.2.- Instancia núm. 201300000001335 de don Juan Carlos López Mouríño.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza para obras de construcción de cerre de parcela, de aproximadamente 25 m de lonxitude, con base de bloques, postes e arame (expediente.: 2013/U009/000090), no lugar de Vilapedre núm. 2, -Illobre, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1).

Dáse conta así mesmo da autorización do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- A distancia mínima para o cerre será de 6,00 m de distancia dende o eixe da vía principal e de 4,5 m dende o eixe para o camiño que cruza a aldea. Garantírase o natural discorrer das augas, e en caso de existir unha servidume de augas deberá obter, previo ao inicio das obras, a autorización de Augas de Galicia. Respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso.

En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.3.-Instancia núm. 201300000001521 de don Emilio Alegre Sobredo.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para obras de construcción de pozo (Expte. núm.: 2013/U009/000096), no lugar de Cimadevila, nº 18.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- -Construiranse a unha distancia maior de 3 metros dos lindeiros e a maior distancia de 20 metros de calquera fosa séptica.; A distancia dos viais será a maior de 6 m dende o eixe. Deberá solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia e non se comezarán as obras ata súa obtención debendo axustar as obras ás condicións da autorización.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#)



2.4.- Instancia núm. 201300000001568 de dona María del Pilar Gómez Mera.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Merín, solicita licenza para obras de rehabilitación de muro de cachotaría, de aproximadamente 22 m de lonxitude (Expediente núm.: 2013/U009/000097), no lugar de Recarei, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1).

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Non se modificará o volume actual da construcción, e as obras non afectaran á estrutura da mesma. En cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construcción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidad de (#50,00#)

2.5.- Instancia núm. 201300000001746 de dona María Teresa Albela Gestoso.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para obras de rehabilitación de muro de pedra, de aproximadamente 6 m de lonxitude, consistente en repoñer as pedras caídas (Expediente núm.: 2013/U009/000105), situado no lugar de Caxaraville, en solo cualificado como solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o vixente PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- - Non se modificará o volume actual da edificación e as obras non afectaran á estrutura do mesmo.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidad de cincuenta euros (#50,00#)

2.6.- Instancia núm. 201300000001747 de dona Begoña Rodríguez Muñíz.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para obras de colocación de tubos na gábea, aproximadamente 3 m, e cubrilos con cemento (Expediente núm.: 2013/U009/000106), no lugar de San Gregorio.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Levaranxe a cabo sen que interrompan o natural discorrer das augas, colocando un tubo de sección suficiente para permitir o paso de todas as augas. Non se danará a calzada, debendo deixar o pavimento nas mesmas condicións nas que estaba e o formigón quedará ao mesmo nivel có vial de maneira que non sobresaia.

3º.- Por tratarse dun uso especial do dominio público, deberá terse en conta o disposto nos artigos 77 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#)

2.7.- Instancia núm. 201300000001721 de dona M^a Carmen Rivera Bao.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para obras de rehabilitación de vivenda consistente en reforma de escaleira de acceso á vivenda situada en Quintáns nº 4, emprazada en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1)

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- Levaranxe a cabo de acordo co proxecto presentado redactado polo arquitecto, D. Antonio Sabucedo Costa cuxo orzamento ascende á cantidade de 5.800,00 euros.

2º.- O prazo para o comezo das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento dezaseis euros (#116,00#)

2.8.- Instancia núm. 201300000000552 de dona Cristina Rizo Liñares.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Fins de Sales, expón que a Xunta de Goberno en sesión celebrada o 08/05/2012 concedeulle licenza para a construcción auxiliar anexa á vivenda situada en Trasariz nº 16 (expediente número 2012/008/000010) , e solicita a concesión dunha prórroga para o remate das obras obxecto do expediente.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha prórroga dun ano dende a data de finalización do prazo inicialmente concedido para o remate das obras.

3º.- Acordo, se procede, sobre declaración responsable para establecementos dedicados a furanco.

3.1.- Instancia número 201300000001634 de don Juan Manuel Bascoy Fernández.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Dáse conta da declaración responsable, presentada por Juan Manuel Bascos Fernández, para por en funcionamento un establecemento adicado a FURANCHO no número 26 do lugar de Tomonde (Santa Cruz de Ribadulla).

Vista a documentación que se achega á solicitude e tendo en conta o disposto no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia,

A Xunta de Goberno resolve favorablemente sobre a conformidade do declarado e nos termos da documentación presentada, e así mesmo que:

1º.- O período de apertura do furanco será dende o 3 de xaneiro ao 3 de abril de 2014.

2º.- As tapas que se sirvan escolleranse das que sinala o Anexo I do Decreto 215/2012, do 31 de outubro.

3º.- Procederase á inscrpción do establecemento no rexistro municipal creado a tal fin e darase traslado deste acordo aos órganos competentes en materia de turismo, medio rural e sanidade.

4º.- Deberá comunicar o peche do establecemento ao finalizar o período autorizado, sen que isto supoña baixa da actividade, e a nova apertura na tempada seguinte achegando a seguinte documentación:

-Renovación do seguro de responsabilidade civil.

-Documentación acreditativa de ter realizado as declaracíons obligatorias do viño.

-Análise do viño da nova tempada.

3.2.-Instancia número 20130000001690, presentada por Odón C. Cobas García.

Dáse conta da declaración responsable, presentada por Odón C. Cobas García, para por en funcionamento un establecemento dedicado a Furanco no número 10 do lugar de Galegos (San Pedro de Vilanova).

Vista a documentación que se achega á solicitude e tendo en conta o disposto no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Goberno resolve favorablemente sobre a conformidade do declarado e nos termos da documentación presentada, e así mesmo que:

1º.- O período de apertura do furanco será dende o 1 de febreiro ate o 1 de maio de 2014.

2º.- As tapas que se sirvan escollleranse das que sinala o ANEXO I do Decreto 215/2012, do 31 de outubro.

3º.- Procederase á inscrpción do establecemento no rexistro municipal creado a tal fin e darase traslado deste acuerdo aos órganos competentes en materia de turismo, medio rural e sanidade.

4º.- Deberá comunicar o peche do establecemento ao finalizar o período autorizado, sen que isto supoña baixa da actividade, e a nova apertura na tempada seguinte acompañando a seguintes documentación:

-Renovación do seguro de responsabilidade civil.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



-Documentación acreditativa de ter realizado as declaracions obligatorias do viño.

-Análise do viño da nova tempada.

4º.- Certificacións de obras.

4.1.- Certificación núm. 1 e final da obra de *Ampliación da rede de saneamento en Paradela e Laraño* do POS 2013.

Dáse conta da certificación núm. 1 e final da obra de *Ampliación da rede de saneamento en Paradela e Laraño* (código 13.2100.0179.0), incluída no POS 2013, e más da factura núm. 2/14 do adxudicatario da mesma Construcciones Boqueixón, S.L, por importe de noventa e un mil trescentos euros con un céntimo (#91.300,01#), sendo o director da obra a arquitecta municipal dona Clara Lema Rodríguez.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e más a factura por traballois relacionados na mesma.

5º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía dos meses de novembro e decembro:

Nº Decreto	Data	Asunto
438	04/11/13	Cambio domicilio padrón municipal habitantes de familia Martínez Albor
439	04/11/13	Concesión licenza administrativa posesión can perigoso a Manuel E. Espiño
440	05/11/13	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes de Borja Martínez Rico
441	05/11/13	Transferencia de créditos da partida 441-450 á 432-226
442	05/11/13	Alta no padrón municipal de habitantes de familia Devesa Botana
443	06/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de Sonia Martínez Pérez
444	07/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de Mª. Purificación Suárez Cao
445	11/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de membros da familia Costa Suárez
446	11/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de Sonia Balado Segade
447	11/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de Herminia Valdés González e José A. Caldelas Valdés



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



448	11/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de Remedios Oliveira Paz
449	11/11/13	Aprobación expediente contratación obra construcción de aparcadoiro en S. Xián
450	12/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de Gabriela Quintás Castro
451	12/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de Adriana Fernández Álvarez
452	12/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de Emilio J. Mato Torres
453	12/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de Dolores Rial Rial
454	12/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de Manuel Giadanes Iglesias
455	12/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de José María González Araujo
456	13/11/13	Adhesión ao convenio emprego Xunta -Deputación 2013
457	13/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de Jesús María Furelos García
458	13/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de Rodrigo A. Vásquez y Ximena Paz Gaggero
459	13/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de Claudia Dorelle Albela
460	14/11/13	Transferencias de créditos da partida 334-600 a 334-219 e 341-213
461	14/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de Sara Martínez Guimarey
462	14/11/13	Arquivo de expediente tramitado por actividade de restaurante sen licenza
463	14/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de Modesto Rey Vázquez
464	15/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de Manuel e Pablo Calviño
465	15/11/13	Inclusión SAF (dependencia) de Rita Mª. Caldelas Pereiras
466	18/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de Sebastián Vieiro López
467	18/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de Manuel Sampaño e Concepción Costa
468	18/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de Pedro Penela e María Penela
469	18/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de Mª. Josefa Fontán e Laureano Rey



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



470	19/11/13	Autorización corte pistas para a celebración da carreira popular de Vedra en San Fins
471	19/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de José Picón López
472	20/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de Ana Mª. Aldrey Pereira
473	20/11/13	Cambio epígrafe taxa lixo inmóvel situado en Galegos nº 20 - Vilanova por cese de actividade
474	20/11/13	Constitución Mesa Contratación aparcadoiro en San Xián e designación técnico da mesma pola Alcaldía
475	20/11/13	Requerimento limpeza propietario de parcela
476	20/11/13	Incoando expediente limpeza parcela propiedade de Ramón Ferreiro Corredoira
477	20/11/13	Expediente tramitación designación Xuíz de Paz Substituto de Vedra
478	21/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de Alberto Sixto Vigo
479	21/11/13	Cambio domicilio de Begoña Carril Cao
480	21/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de Gonzalo Rivas Pardo
481	21/11/13	Expediente limpeza finca que invade vial municipal en Fraíz
482	21/11/13	Cambio titularidade recibo taxa recollida de lixo de vivenda situada en Canicoba nº 14 San Mamede de Ribadulla
483	21/11/13	Cambio titularidade recibos taxas lixo e sumidoiros de vivenda situada en Ponte Ulla nº 8-2º
484	21/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de Tirso Laya Sinde
485	21/11/13	Aprobación expediente contratación obra de creación de parque destinado á infancia en San Fins e ampliación do parque infantil en San Andrés
486	25/11/13	Concesión licenza administrativa posesión can perigoso a Mª. Jesús Sobredo Lobato
487	25/11/13	Concesión permiso celebración festa da Inmaculada en Illobre



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



488	25/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de María Gómez Constenla
489	25/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de Santiago e Lucía Morán
490	25/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de Adolfo Orosa Carpinteiro
491	25/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de familia Blanco Seoane
492	25/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de Javier Penas Carrillo
493	25/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de José Manuel Moure Barreiro
494	25/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de familia Couselo Neira
495	25/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de familia Barco Swaby
496	25/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de Lucía Fernández García
497	25/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de María Penide Mera
498	25/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de Esther Liste Valdés
499	25/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de Raúl Alfonsín Nande
500	26/11/13	Alta gardería de Eneko Casais Ferreiro
501	26/11/13	Modificación horario gardería de Nicolás Martínez Rodríguez
502	26/11/13	Cambio titularidade de recibo taxa lixo de vivenda situada en Cimadevia nº 20 -San Miguel de Sarandón
503	28/11/13	Transferencia de créditos da partida 231-625 á 231-480
504	28/11/13	Alta padrón municipal de habitantes de Petru Zagrean
505	28/11/13	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes de Vasile Suciu e Lezi Quezia dos Santos
506	28/11/13	Concesión permiso festa de Santa Baia
507	29/11/13	Delegación funcións da Alcaldía na 4ª Tenente de Alcalde Mª. Jesús Piñeiro Caldelas do 07 ao 20/12/13
508	29/11/13	Aprobación facturas de Sandra Rodríguez Quintás e axudas aos alumnos participantes no curso atención sociosanitaria a persoas



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



		dependentes
509	02/12/13	Alta padrón municipal de habitantes de Bruno Pereira Couso
510	02/12/13	Alta padrón municipal de habitantes de Antonio Barreiro Conde e Mª. Pilar Abuín Millán
511	02/12/13	Alta padrón municipal de habitantes de Montserrat González Bueno
512	02/12/13	Alta padrón municipal de habitantes de Montserrat Souto Martínez e Ainoa Silva Souto
513	04/12/13	Cumprimento triénio de Mª. Carmen Pérez Torres (2º)
514	04/12/13	Ampliación cobertura servizo SAF a Herminda de la Iglesia Tato
515	04/12/13	Ampliación cobertura servizo SAF a Eladino López Riveira
516	04/12/13	Concesión provisional exención pago comedor gardería de Laya Naya Alemán Pardo
517	04/12/13	Arquivo expediente corte de ramas que invaden vial municipal en Roelle -Vedra
518	04/12/13	Alta padrón municipal de habitantes de familia de la Fuente Méndez
519	04/12/13	Alta padrón municipal de habitantes de Armando Miguélez Val
520	04/12/13	Incoando expediente limpeza de finca en Torre -San Xián propiedade de Juan A. Fernández Padín
521	05/12/13	Alta padrón municipal de habitantes de José M. Parcero e Rocío Corral Blanco
522	05/12/13	Solicitud concertación pólixa de crédito con Banco Gallego, S.A
523	09/12/13	Autorización disparo fogos artificio en Vedra con motivo das festas
524	09/12/13	Alta padrón municipal de habitantes de Julia López Díaz
525	09/12/13	Modificación intensidade servizo SAF a Manuel Baamonde Blanco
526	09/12/13	Delegando asistencia a reunión Refuxio Animais no Tenente de Alcalde Rogelio Lema Mougán



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



527	11/12/13	Alta padrón municipal de habitantes de Marina Blanco Carpinteiro
528	11/12/13	Modificación SAF de Perfecta Estévez Sandá
529	11/12/13	Alta padrón municipal de habitantes de Concepción Regueira López
530	13/12/13	Clasificación ofertas presentadas e requerimento ao mellor clasificado obra de Creación de parque destinado á infancia en San Fins e ampliación do parque infantil en San Andrés
531	13/12/13	Alta padrón municipal de habitantes de Ana M. Onul
532	17/12/13	Adxudicación obra de creación de parque destinado á infancia en San Fins e ampliación do parque infantil de San Andrés
533	17/12/13	Alta padrón municipal de habitantes de José Penas Iñíguez
534	17/12/13	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes de Francisco Taibo Mera
535	17/12/13	Modificación intensidade servizo SAF a Emilia Domínguez Caamaño
536	17/12/13	Ampliación servizo SAF a Gloria Consuelo Rey Álvarez
537	18/12/13	Aprobación bases proceso selectivo praza técnico informático de xestión con cargo a subvención da Deputación 2013
538	18/12/13	Alta padrón municipal de habitantes de José Penas Iñíguez
539	18/12/13	Clasificación ofertas e requerimento mellor clasificado obra de construcción de aparcadoiro en San Xián
540	18/12/13	Aprobación conta xustificativa do convenio coa Consellería para gastos de limpeza do CPI de Vedra
541	18/12/13	Aprobación proxecto de construcción dunha senda peonil en San Fins
542	19/12/13	Lista provisional admitidos/excluídos e membros tribunal praza de informático
543	20/12/13	Adxudicación obra de construcción de aparcadoiro en San Xián



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



544	26/12/13	Arquivo expediente aberto para limpeza de finca en Piñeiro propiedade de Angela Mª. Álvarez Prieto
545	26/12/13	Aprobación plan de saúde obra de creación de parque destinado á infancia en San Fins e ampliación do parque infantil de San Andrés
546	27/12/13	Axudas fondo social do persoal municipal (3º cuadrimestre 2013)
547	27/12/13	Aprobación factura de Ingeniería de Tecnologías Energéticas de Orosi, S.L para xustificación subvención concedida á agrupación de concellos Vedra/Boqueixón para obra de creación de parque destinado á infancia en San Fins e ampliación do parque infantil de San Andrés
548	27/12/13	Aprobación xustificación obra de creación de parque destinado á infancia en San Fins e ampliación do parque infantil de San Andrés
549	27/12/13	Transferencias de créditos dentro da mesma área de gasto entre aplicacións con distinta vinculación xurídica
550	27/12/13	Ordenando elaboración bases para a contratación temporal de persoa para mantemento instalacións de abastecemento de auga, saneamento e depuración de augas residuais
551	30/12/13	Ordenando contratación de Yolanda López Bouzón para a praza de informático
552	30/12/13	Alta padrón municipal de habitantes de Joao P. Fernández Pinto e familiares
553	30/12/13	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes de Emily Rodríguez Santos
554	30/12/13	Alta padrón municipal de habitantes de María Emma Rodríguez González
555	30/12/13	Alta padrón municipal de habitantes de Laureano Rey Fontán e familia
556	30/12/13	Cambio titularidade recibo taxa lixo de vivenda situada en Nande nº 19- San Fins



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



557	30/12/13	Cambio titularidade recibo taxa lixo de vivenda situada en Rosende nº 2-Merín
558	30/12/13	Cambio titularidade recibo taxa lixo de vivenda situada en Outeiro , 4-Santa Cruz de Ribadulla
559	30/12/13	Cambio titularidade recibo taxa lixo e sumidoiros de vivenda situada en Ponte Ulla nº 15
560	30/12/136	Cambio epígrafe recibo taxa de lixo inmóvel situado en Gándara nº 11-San Fins por cese actividade
561	30/12/13	Cambio titularidade recibo taxa lixo vivenda situada en San Gregorio nº 21 -San Mamede
562	30/12/2013	Máis axudas fondo social do persoal municipal (3ª cuadrimestre 2013)

A Xunta de Goberno dáse por informada.

6º.- Outros asuntos.

6.1.- Aprobación padrón fiscal abastecemento de auga do 4º trimestre.

Dáse conta do padrón fiscal da taxa de abastecemento de auga do 4º trimestre de 2013, remitido pola empresa concesionaria do servizo Aquagest, Promoción Económica e Financiera de Abastecementos de auga, S.A, cuxo resumo é o seguinte:

Contribuíntes: 95

M3 facturados: 1.647

Importe total: 2.221,85 euros

Canon da auga: 523,51 euros.

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado padrón.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e vinte minutos.